



## PROGRAMA DE PREVENCIÓN DO CONSUMO DE DROGAS NO ÁMBITO EDUCATIVO

---

### XUSTIFICACIÓN:

O consumo de drogas constitúe un dos problemas máis importantes a que se enfrontan as sociedades actuais, non só pola súa extensión, senón tamén pola gravidade das consecuencias individuais e sociais derivadas del. O PPCDE ten como obxectivo modificar as crenzas e actitudes dos alumnos ante as drogas, así como reducir o seu consumo e a intención de consumir no futuro.

O PPCDE ten en conta que o consumo de drogas está influido por numerosos factores, e que a súa prevención desde o ámbito educativo debe considerar, tanto a prevalencia de consumo de drogas existente na poboación destinataria, como os factores de risco e protección presentes en dita poboación.

### OBXECTIVOS:

A finalidade do PPCDE é promover a adopción de estilos de vida saudables entre a poboación escolar, potenciando diversos factores de protección e reducindo o impacto de determinados factores de risco asociados ao consumo de drogas.

O obxectivo xeral do programa é influír sobre as seguintes dimensións dos escolares que participen nel:

- Crenzas e actitudes dos e das escolares sobre as drogas.
- Intencións de consumo futuras.
- Hábitos de consumo (prevalencia, frecuencia e cantidade consumida).

### DESTINATARIOS:

Alumnado de educación infantil, primaria, secundaria e postobligatoria.

O programa iníciase no ensino infantil e ten continuidade na educación primaria, pasando ao nivel de secundaria con opción de traballar na educación postobligatoria. Tamén é posible que o alumnado se incorpore a este programa desde calquera ciclo educativo, sen ter participado nun ou varios ciclos anteriores.

### METODOLOXÍA:

O programa conta cunha Guía para o centro, unha guía para o profesorado e uns cadernos de traballo para o alumnado de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e educación postobligatoria.

O profesorado do centro educativo é o encargado de implementar o programa na aula, desenvolvendo os contidos dos cadernos de traballo.

### DURACIÓN:

A duración do programa é variable, sendo cada centro escolar ou o profesorado quen decide sobre a utilización do programa e a súa duración, en función das súas necesidades concretas. Non obstante, considérase necesario dedicarlle un mínimo de entre 10 e 20 horas cada curso, para que o programa sexa minimamente eficaz.

### NOTA IMPORTANTE:

Os materiais deben ser descargados dunha web por parte do centro escolar. Para elo, o centro que esté interesado deberá contactar coa Xunta de Galicia (Subdirección de saúde Mental e Drogodependencias) para que lle sea proporcionada a información acerca do enlace de descarga.